



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

NOME	DNI	
DOMICILIO	C.P.	TELEFONO
EXPOÑO: Que pretendo facer un lumiño ou cacharela o día 23 de xuño, en _____ _____ ás _____ horas, e comprométome a tomar unha serie de medidas para a prevención de posibles riscos: - Non farei a larada en Praias, Vías Públicas, Xardíns ou Parques Públicos, en Terreos forestais ou nas proximidades de masas arbóreas. - Haberá xente sempre ao lado vixiando o lume. - Non aproveitarei para queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas. - Non se prenderá a larada con líquidos inflamables nin se queimará nela produtos contaminantes (gomas, pneumáticos, plásticos, etc.). - Teremos auga suficiente para apagar o lume en caso de que fora necesario. - O lume acenderase despexado de posibles riscos de propagación. - Unha vez rematado, apagaranse os restos de brasas ata a súa total extinción e retiraremos todos os restos unha vez rematado o evento. - Se vexo un lume sen control, avisarei ao 085. - O Solicitante manifesta coñecer e responsabilizarse do cumprimento das normas para a celebración dos lumiños do ano 2022 Muros, _____ de xuño de 2022 Asinado, Sra. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE MUROS		

Concello de Muros

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981826050. Fax: 981762257

NORMAS PARA OS LUMIÑOS OU CACHARELAS DE SAN XOÁN

- 1.- Non está permitido facer as laradas en PRAIAS, VÍAS PÚBLICAS, XARDÍNS OU PARQUES PÚBLICOS, en terreos forestais ou nas proximidades de masas arbóreas.**
- 2.- As laradas ou cacharelas situaranse en lugares seguros, de tal xeito, que non exista perigo de propagación accidental ás vivendas, instalacións ou terreos próximos. Deberán ter en conta a existencia de cableado, tendidos eléctricos, etc. Arredor da cacharela deixarase unha franxa duns 5 metros libre de calquera elemento combustible.**
- 3.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas alomenos 50 mts. Os responsables deben asegurarse de contar con medios de extinción mínimos pero suficientes para o seu uso inmediato en caso de ser necesario.**
- 4.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pinturas, gomas, ...). Tampouco se poderán queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas.**
- 5.- As laradas deben estar baixo vixilancia en todo momento, os responsables deben asegurarse de que o lume queda completamente apagado.**
- 6.-As autorizacións outorgadas non eximirán en ningún caso das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.**
- 7.- As Cacharelas poderán ser revisadas polos servizos municipais para ver se cumpren a normativa esixida.**